


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 6 - 2021

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)



CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 6 – 2021

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 6 / Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2021

162 p.; 24 cm

D.L. VG 609-2021

ISBN 978-84-8158-911-5

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Abraham Castro García, Ángela Otero Fontán, Nuria Bouzas Antas, Fernando Groba Bouza e Antonio Martín Piñero

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 6:

Anxo Angueira (UVigo), Xosé-Henrique Costas (UVigo), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Dep. Legal: 609-2021

ISBN: 978-84-8158-911-5

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

Índice / Index

- 9 Limiar /
 Introduction
- 11 ABRAHAM CASTRO GARCÍA
 Análise materialista de *Retorno a Tagen Ata* (1971) /
 Materialist analysis of Retorno a Tagen Ata (1971)
- 37 ÁNGELA OTERO FONTÁN
 Estudo lingüístico dos alcumes da parroquia de Darbo (Cangas do Morrazo) /
 Linguistic study of nicknames from the parish of Darbo (Cangas do Morrazo)
- 75 NURIA BOUZAS ANTAS
 Aguafuertes gallegas, unha mirada da paisaxe allea á construción cultural galega /
 Aguafuertes gallegas, an outsider's perspective to the Galician landscape
- 97 FERNANDO GROBA BOUZA
 Aproximación xeolingüística ao léxico raiano galego-portugués a través do
 xénero documental /
 *Geolinguistic approach to the Galician-Portuguese frontier lexicon through the
 documentary genre*
- 125 ANTONIO MARTÍN PIÑERO
 Sobre a alternancia nas locucións preposicionais con *base* e *respecto*. Estudo
 contrastivo galego-español. /
 *On the alternation in prepositional locutions with base and respecto. A Galician-
 Spanish contrastive study*
- 157 Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 6 /
 Cumieira's authors
- 159 Normas para o envío de orixinais /
 Manuscript submissions guidelines. Information for authors

APROXIMACIÓN XEOLINGÜÍSTICA AO LÉXICO RAIANO GALEGO-PORTUGUÉS A TRAVÉS DO XÉNERO DOCUMENTAL

*Geolinguistic approach to the Galician-Portuguese frontier
lexicon through the documentary genre*

Fernando Groba Bouza

IES Pazo da Mercé

fernandogrobabouza@gmail.com

Resumo: O obxectivo principal deste traballo é amosar, comparar e analizar, a partir de testemuños orais reais e espontáneos, as características do léxico de diferentes puntos xeográficos que se prolongan a través de boa parte da raia galego-portuguesa. Estas localizacións espállanse a través de 130 quilómetros fronteirizos que se atopan situados entre os municipios de Castro Laboreiro e Caminha (do lado portugués) e entre os de Lobios e O Rosal (do galego). Ao mesmo tempo, e, ao partir da análise lingüística de diversas mostras de lingua que foron extraídas mediante transcripción de diferentes documentais, este estudo trata de abrir, valorar, comprobar e introducir unha nova vía e unha nova ferramenta na laboura da pescuda que axude, de forma complementaria (ou mesmo central), en futuras análises dialectais e xeolingüísticas.

Palabras chave: dialectoloxía, xeolingüística, lexicoloxía, lexicografía, galego, portugués.

Abstract: The main purpose of this work is to show, compare and analyze, from real and spontaneous oral testimonies, the characteristics of the lexicon of different geographical points that extend through much of the Galician-Portuguese border. These locations are scattered across 130 frontier kilometers that are located between the municipalities of Castro Laboreiro and Caminha (on the Portuguese side) and between those of Lobios and O Rosal (on the Galician part). On the basis of the linguistic analysis of various language samples that were extracted through the transcription of different documentaries, this study tries to open, evaluate and introduce a new tool in the research field that might help complementary (or even central) dialectal and geolinguistic analyses in the future.

Key words: dialectology, geolinguistics, lexicology, lexicography, galician, portuguese.

1. Introducción¹

É incríbel o semellantes e descoñecidos que chegan a ser galegos e portugueses na súa fala e a infinidade de situacións en que uns e outros se asombran por se recoñeceren nela (cfr. Santos Raña / Suárez Quintas 2014: 103)². Esta situación de aparente afastamento é o resultado da constitución dunha fronteira, coñecida como a «raia»³, que xa conta con case nove séculos de idade, unha liña que, a pesar de querer separar en dous o territorio en que naceu a lingua e a cultura galego-portuguesa e de vivir continuas «políticas de costas viradas», non conseguiu separar persoas e pobos que, no fondo, nunca deixaron de se necesitaren, procuraren e comunicaren. O contrabando, a emigración, os casamentos, os mitos, as lendas, as tradicións e a lingua —que continúa conservando incluso léxico que comparte aínda o territorio común da antiga Gallaecia (Álvarez 2015 e Fernández Rei 2002)— son marcas da súa identidade e as falas raianas o medio de comunicación para se entenderen⁴.

Así, sobre esta liña administrativa divisoria, compartimos, plenamente, o que afirma o limiar de Sousa, Negro Romero e Álvarez (2014: 10):

Os promotores deste volume partimos da convicción de que non hai que contemplar as fronteiras como liñas divisorias senón como rexións de convivencia e intercambio, de osmose e hibridación, nas que se crea un tipo de cultura peculiar con trazos

¹ O noso enorme agradecemento a Noemi Basanta (exlectora de galego na Universidade do Minho, Braga), polos materiais do Centro de Estudos Galegos que nos prestou; á documentalista Diana Gonçalves e ao profesor Eduardo Maragoto, polas súas utilísimas axudas; e ás miñas avoas Clementina (Santiago de Tortoreos, As Neves) e Rudesinda (Santiago de Oliveira, Pontearias), raianas do norte, por me falaren na lingua de noso.

² Aconteceunos a nós mesmos repetidas veces, na cidade de Braga e na súa universidade, que atopamos persoas que, cando nos escoitaban falar en galego, pensaban que estabamos a falar en portugués. A primeira vez foi cunha alumna da propia universidade bracarense que concertou connosco, vía correo electrónico e en portugués, unha reunión para informarse sobre os doutoramentos na Universidade de Vigo. No día acordado e despois de intercambiar as primeiras informacións orais (ela en portugués e nós en galego), dinos «Ó professor, não é preciso que fale português. Esteja á vontade. Pode falar em espanhol. Eu compreendo sem problema» e dixémoslle nós «Eu non che estou falando en portugués. Eu estouche a falar en galego». Obviamente, ficamos ambas as partes abraíadas.

³ A «raia» é a denominación popular da fronteira administrativa entre Galiza e Portugal.

⁴ Para ampliar información sobre a historia da fronteira galego-portuguesa, pódense consultar os estudos de Baliñas Pérez (2014), García Mañá (2014) e Godinho (2014) ou incluso as introducións dos seguintes estudos xeolingüísticos: Álvarez (2015: 2-3), Álvarez Pérez (2013a: 100-101), Álvarez Pérez (2013b: 29-30), Fernández Rei (2002: 147-148) e Pousa Ortega (2014: 227-230).

característicos comúns a diferentes áreas fronteirizas. Esa perspectiva centra o noso interese presente: a raia galego-portuguesa contemplada non como un límite senón como unha costura.

E destacamos a conclusión á que chega o profesor García Mañá (2014: 73):

Pódese afirmar que a importancia da raia fronteiriza hispano-lusa decaeu de forma considerable con tal motivo, quedando reducida a unha liña esvaída que lonxe de separarnos, como en séculos pasados, nos achega ós nosos irmáns ibéricos.

Pois ben, durante unha estadía de tres anos (2014-2017) na Universidade do Minho (Braga), tivemos a oportunidade de descubrir e coñecer unha serie de persoas e materiais que nos introduciron neste mundo tan próximo como descoñecido para nós: as variedades lingüísticas da raia. Entre eses recursos, houbo un grupiño de traballos que deixaron dentro de nós unha inqueda e un pouso que nos gustaría desvelar neste artigo: un total de catro documentais que achegan unha mostra valiosísima das variedades lingüísticas fronteirizas.

Foi entón, a partir destes filmes, sobre os que alicerzamos este estudo acerca do léxico das falas que pertencen a estes territorios do sur de Galiza e do norte de Portugal, desde Castro Laboreiro e Lobios até Caminha e O Rosal, para ver que trazos característicos posúen.

Malia sabermos que as dialectoloxías galega e portuguesa actuais teñen traballado, sobre todo, con cuestionarios lingüísticos —tales como o *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* (ALPI), o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) ou o *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG)—⁵ que serven como base para elaborar magníficos traballos como poden ser moitos dos que se poden atopar na nosa bibliografía e que non é a primeira vez que a galega se basea en textos orais (Fernández Rei 1991 e Fernández Rei / Hermida Gulías 2003, por exemplo), cremos, salvo erro, que nunca se fixo un estudo dialectal galego ou portugués a partir de textos audiovisuais e que poucas veces se analizaron mostras de lingua que non foron feitas, na súa orixe, ou recollidas para un estudo dialectal *ex professo*. Deste xeito, tamén consideramos que estamos, con esta humilde e sucinta achega, a abrir, a valorar, a comprobar e a introducir un camiño innovador para a investigación que cremos que pode ser de grande utilidade para a comunidade científica galega, lusófona e mesmo mundial.

⁵ Ou mesmo os que elaborou, dun xeito moito máis concentrado mais non menos importante, a profesora Pousa Ortega para os seus estudos que publicou en 2002 e 2014.

2. Apuntamentos metodolóxicos

Para elaborarmos este artigo, primeiramente, seleccionamos un total de catro documentais⁶ (Alén filmes / TVG / Coyote 2006, Gonçalves 2009, Vilaverde *et al.* 2011 e 2016) que, ao se basearen en entrevistas en que as persoas contan experiencias vitais sobre temas concretos (contrabando, santa compañía e lingua), conteñen diferentes testemuños orais de habitantes de diferentes zonas rurais ou vilegas que pertencen á raia fluvial (parte da fronteira galego-portuguesa que coincide coa bacía do río Miño) e a un primeiro treito da raia seca (parte da fronteira na que non hai río) que se sitúa entre Cevide (Cristóval, Melgaço) e Torneiros (Río Caldo, Lobios) (véxase despois a Ilustración 1). Estas persoas caracterízanse tamén por teren idades comprendidas entre os 35 e os 109 anos e, en xeral, un nivel sociocultural baixo ou medio baixo (cunha única excepción dun profesor universitario que aparece en Gonçalves 2009). Xa que logo, foron a lingua que falan, a localización xeográfica, a variedade xeracional e o nivel sociocultural (pola escasa influencia das variedades estándar) das persoas protagonistas dos filmes os factores que condicionaron a nosa selección.

O seguinte paso foi transcribirmos o contido completo das entrevistas a través dun procesador de textos; xuntamos as intervencións de cada unha das persoas (dado que as montaxes dos vídeos van poñendo anacos de cada unha de forma intercalada e non continuada) clasificándoas tamén de acordo co seu lugar de orixe co propósito de agruparmos tamén as características lingüísticas de cada persoa e de cada lugar; seleccionamos e marcamos todos aqueles elementos lexicais en cada unha das intervencións; e fixemos unha segunda selección das unidades máis peculiares e pertinentes pensando xa nun posterior proceso contrastivo e de comentario máis detallado.

Nesta segunda lectura, o criterio discriminatorio para a escolla das formas susceptíbeis de comentario para as falas das dúas marxes foi a comparativa coa variedade estándar de senllas linguas (DRAG e Priberam). Primeiramente, entre as falas do lado galego co galego normativo; a continuación, entre os falares minhotos e o portugués padrón; en terceiro lugar, entre as variedades dun lado e do outro da raia; e, en último termo, entre os falares da raia seca fronte os da raia fluvial.

⁶ Que aconsellamos ver para un óptimo aproveitamento deste artigo. Tres deles son facilmente accesíbeis posto que están dispoñíbeis gratuitamente na plataforma de Internet Youtube: Alén Filmes / TVG / Coyote (2006), Vilaverde *et al.* (2011 e 2016).

Obviamente, para a fase de marcaxe, tivemos que decidir que tipo de unidades íamos colorear e, ademais de vocabulario propiamente dito monoverbal, tamén incluír unidades pluriverbais e mesmo variantes morfolóxicas do dito léxico raiano.

Na transcripción dos textos, aínda que tratamos de guiarnos por cada un dos estándares escritos das dúas linguas, a verdade é que tamén nos atopamos perante o dilema e a obriga de mesturar algunhas grafías para representar da forma máis fiel e fidedigna posíbel o que estabamos a escoitar.

2.1. Característica dos documentais

Os filmes que usamos como piar fundamental desta investigación comparten unha serie de trazos comúns que lles confire, desde o noso punto de vista, un valor etnolingüístico realmente valioso e irrefutábel para basear un estudo científico desta magnitude. O primeiro aspecto que cómpre destacar é a particularidade de pertenceren, todos eles, ao xénero documental, unha categoría cinematográfica que, dentro do propio cinema, é, se cadra, a que presenta un maior grao de verosimilitude e de fidelidade acreditada debido á súa natureza, obxectivos e metodoloxías. Outra das singularidades que os une é o feito de se basearen, todos catro, en entrevistas directas en que as/os protagonistas nos relatan as súas propias vivencias, as súas vidas, as súas opinións na lingua de seu. E coa lingua ten que ver o terceiro e último elemento común e vertebrador (e tamén o que a nós máis nos interesa desde o punto de vista filolóxico), dado que, nas catro películas, a maioría das persoas⁷ fala nas variedades sintópicas dos seus lugares de orixe e residencia. Xa que logo, contan co valor engadido de recolleren, da forma máis fidedigna posíbel, a lingua oral espontánea das persoas entrevistadas.

Temos que mencionar asemade algunhas lixeiras diferenzas que as singulariza: cada documental abrangue unha parte ou partes do territorio lingüístico da liña que percorre a raia diferente; as temáticas que tratan tamén son, en xeral, variadas (o contrabando⁸, a santa compañía e a lingua) e, aínda que hai dous que tratan o mesmo

⁷ Matizamos «a maioría» porque algúns dos testemuños (poucos) pertencen a persoas que teñen un nivel e coñecemento sociocultural medio ou alto, e isto repercute na variedade lingüística que empregan. Son persoas que presentan unha modalidade lingüística que, pola súa formación académica e formalidade da situación comunicativa, se achegan á variedade estándar e que se poden afastar, uns máis ca outros, das propias variedades locais.

⁸ Se cadra, un dos temas que máis literatura ten creado na zona fronteiriza, seguramente, pola súa repercusión socioeconómica e política e pola súa dimensión tabú (por ser considerada unha práctica oficialmente ilegal e por ocultar, desde as esferas oficiais dos dous estados, determinados comportamentos abusivos, desde o punto de vista administrativo —multas,

asunto, fano de forma totalmente complementaria; a data de realización (ou publicación) tamén obriga a facer unha pequena reflexión, dado que, entre o primeiro (Alén filmes / TVG / Coyote 2006) e o último (Vilaverde *et al.* 2016), hai unha diferenza de 10 anos que non pode, nun primeiro momento, pasar desapercibida pola velocidade que poida ter o cambio lingüístico nunha sociedade de finais do século XX e inicios do XXI. Así e todo, este factor temporal non cremos que afecte substancialmente aos nosos intereses ou que sexa unha pexa que poida lastrar ou prexudicar o resultado da nosa investigación debido ás características das persoas entrevistadas e dos lugares en que viven (rurais).

Os dous documentais máis antigos (Alén filmes / TVG / Coyote 2006 e Gonçalves 2009) abordan o mesmo tema (o contrabando) e neles dáse conta, en cada un, do sucedido en dous puntos concretos da raia fluvial; no primeiro, das zonas de Melgaço-Arbo e O Rosal-Caminha e, no segundo, das zonas de São Gregório-Ponte Barxas e Valença do Minho-Tui. Ademais, cómpre tamén sinalar que, no documental feito por Víctor Coyote, os protagonistas son maioritariamente homes e, no que elaborou Diana, mulleres.

Os máis recentes (Vilaverde *et al.* 2011 e 2016) son da mesma autoría, mais con temáticas diferentes e en dous lugares tamén distintos. En *Em companhia da morte*, os directores tratan o tema da santa compañía con persoas de Castro Laboreiro e, en *A fronteira será escrita*, as persoas entrevistadas son todas dos concellos de Lobios e Entrimo e falan, sobre todo, da lingua, aínda que tamén hai algún tema secundario como o contrabando.

2.2. Os informantes e os puntos xeográficos

Na Táboa 1, sistematizamos e achegamos a información dos máis de 64 intervenientes que aparecen nos catro vídeos. Os campos que contempla son:

- **Id.: identificador.** É un código alfanumérico que identifica o/a informante de forma individual e intransferíbel. O código contén a inicial ou iniciais do concello (A=Arbo, por exemplo), a seguir o identificador de xénero (h=home, m=muller ou v=varios cando falan homes e mulleres á vez e non se poden ver) e, cando hai máis dun individuo do mesmo lugar e do mesmo xénero, engadímoslle un número de orde (1, 2, 3, e así sucesivamente).

expropiacións, encarceramentos e desterrós—, persoal —asasinatos— e mesmo sexual —violacións—). Para ampliar información sobre o tema pode consultarse Domingues (2017).

- **Área:** localiza e distingue catro áreas xeográficas: RFG (raia fluvial galega), RFP (raia fluvial portuguesa), RSG (raia seca galega) e RSP (raia seca portuguesa).
- **Concello (parroquia, lugar):** amosa o lugar de orixe da persoa. O dato mínimo é o concello e, se se coñecer, tamén se achega o nome da parroquia e incluso do lugar concreto da parroquia.
- **Nome:** o nome e os apelidos, se se puider extraer o dato do documental ou mesmo dalgún documento que o acompañar.
- **Ano de nacemento:** achega as datas de nacemento aproximadas (cando van acompañadas polo símbolo $\pm$ e calculadas a partir dunha estimativa elaborada a partir da aparencia física da persoa e restándoa ao ano de publicación do vídeo) ou certa (a Diana Gonçalves facilitounos ela mesma as idades das entrevistadas e entrevistados e nalgúns dos outros as persoas mencionan a súa idade ou o propio ano da súa nacemento).
- **Documental:** sinala o filme ao que pertence o/a entrevistado/a.

Id.	Área	Concello (parroquia, lugar)	Nome	Ano de nacto.	Documental
Ah1	RFG	Arbo	Ignacio Gago	± 1936	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Ah2	RFG	Arbo	Ismael Gregorio Tato	± 1949	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Ah3	RFG	Arbo	Rosendo González	± 1932	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Am	RFG	Arbo	Xosefa Vázquez	± 1937	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
AVv	RSP	Arcos de Valdevez (Soajo, Várzea)	Hortelinda (unha das mulleres)	± 1944	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Ch1	RFP	Caminha	-	± 1940	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Ch2	RFP	Caminha (Lanhelas)	Emílio J. Fernandes	± 1921	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Eh1	RSG	Entrimo (A Pereira, Guxinde)	-	± 1945	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Em1	RSG	Entrimo (A Pereira, Guxinde)	-	± 1934	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Eh2	RSG	Entrimo (A Illa)	-	± 1953	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Em2	RSG	Entrimo (A Illa)	-	± 1971	Vilaverde <i>et al.</i> 2016

Eh3	RSG	Entrimo (A Illa Lantemil)	-	±1940	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Eh4	RSG	Entrimo (A Illa, Lantemil)	-	±1946	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Eh5	RSG	Entrimo (A Illa, Lantemil)	-	±1980	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Ev	RSG	Entrimo (A Illa, Olelas)	-	±1956	VILAVERDE <i>et al.</i> 2016
Eh6	RSG	Entrimo (A Illa, Olelas)	-	±1951	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Eh7	RSG	Entrimo (A Illa, Olelas)	Feuto Adán	±1951	VILAVERDE <i>et al.</i> 2016
Em3	RSG	Entrimo (A Illa, Olelas)	-	±1960	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Em4	RSG	Entrimo (A Illa, Olelas)	-	±1979	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Em5	RSG	Entrimo (A Illa, Olelas)	-	±1946	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Em6	RSG	Entrimo (A Pereira, Bouzadrago)	Irene de Jesús Bernardo Bernardo ⁹	±1942	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Eh8	RSG	Entrimo (A Pereira, Bouzadrago)	Manuel Domínguez	±1942	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Em7	RSG	Entrimo (A Pereira, Bouzadrago)	-	±1978	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Lh1	RSG	Lobios (Río Caldo, Vilameá)	-	±1947	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Lm1	RSG	Lobios (Río Caldo, Vilameá)	María da Silva	±1943	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Lm2	RSG	Lobios (Río Caldo, Vilameá)	-	±1978	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Lh2	RSG	Lobios (Manín, Manín)	-	±1949	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Lm3	RSG	Lobios (Manín, Manín)	-	1976	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Lh3	RSG	Lobios (Río Caldo, Padrendo)	Domingo Vázquez	±1929	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Lm4	RSG	Lobios (Río Caldo, Torneiros)	Josefa López	±1930	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Lm5	RSG	Lobios (Río Caldo, Torneiros)	Rosa Oliveira	±1935	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Lm6	RSG	Lobios (Río Caldo, Torneiros)	María Martínez	±1932	Vilaverde <i>et al.</i> 2016
Mh1	RFP	Melgaço	Albertino J. Ribeiro	1959	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006

⁹ Naceu en Castro Laboreiro e, con 17 anos, foi para Francia. Foi para Bouzadrago cando casou, mais ela xa ía xogar para alí de pequena.

Mh2	RFP	Melgaço	José Avelino Ribeiro	±1927	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Mh3	RFP	Melgaço (Cequeliños)	Adriano A. Cerdeira	±1946	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Mh4	RFP	Melgaço	Zé da Silva	±1944	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Mh5	RFP	Melgaço	Aurelio A. Domingues	±1939	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Mm1	RFP	Melgaço	Carolina Alves	±1931	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Mm2	RSP	Melgaço (Castro Laboreiro, Bico/Seara)	-	±1953	Vilaverde <i>et al.</i> 2011
Mm3	RSP	Melgaço (Castro Laboreiro, Cainheiras)	-	±1931	Vilaverde <i>et al.</i> 2011
Mm4	RSP	Melgaço (Castro Laboreiro, Cainheiras)	-	±1951	Vilaverde <i>et al.</i> 2011
Mm5	RSP	Melgaço (Castro Laboreiro, Portos)	-	±1926	Vilaverde <i>et al.</i> 2011
Mm6	RSP	Melgaço (Castro Laboreiro, Seara)	-	±1913	Vilaverde <i>et al.</i> 2011
Mm7	RSP	Melgaço (Castro Laboreiro, Teso)	-	±1931	Vilaverde <i>et al.</i> 2011
Mm8	RSP	Melgaço (Castro Laboreiro, Teso)	-	±1932	Vilaverde <i>et al.</i> 2011
Mm9	RSP	Melgaço (Castro Laboreiro, Várzea Travessa)	-	±1926	Vilaverde <i>et al.</i> 2011
Mm10	RSP	Melgaço (Castro Laboreiro, Vido)	-	±1928	Vilaverde <i>et al.</i> 2011
Mm11	RFP	Melgaço (Cousso)	-	1952	Gonçalves 2009
Mh6	RSP	Melgaço (Cristóval, São Gregório)	-	1920	Gonçalves 2009
Mm12	RSP	Melgaço (Fiães)	-	1923	Gonçalves 2009
ORm1	RFG	O Rosal	Elda	±1935	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
ORm2	RFG	O Rosal	Lina	±1945	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
ORh1	RFG	O Rosal	Jaime	±1938	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
ORh2	RFG	O Rosal	Praxíteles González	±1938	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006

ORh3	RFG	O Rosal	Florindo Castro	±1924	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
ORh4	RFG	O Rosal	-	±1926	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006
Pm	RSG	Padrenda	-	1937	Gonçalves 2009
Tm1	RFG	Tui	-	1924	Gonçalves 2009
Tm2	RFG	Tui	-	±1946	Gonçalves 2009
Tm3	RFG	Tui (Caldelas de Tui)	-	1900	Gonçalves 2009
VMm1	RFP	Valença do Minho	-	±1959	GONÇALVES 2009
VMm2	RFP	Valença do Minho (Urgeira)	-	1933	Gonçalves 2009
VMm3	RFP	Valença do Minho (Verdoejo)	-	1930	Gonçalves 2009
VMh	RFP	Valença do Minho (Verdoejo)	- ¹⁰	1925	Gonçalves 2009
VCh1	RFP	Vilanova de Cerveira		1028	Gonçalves 2009
VCh2	RFP	Vilanova de Cerveira	Manoel Pereira ¹¹	±1934	Alén Filmes / TVG / Coyote 2006

Táboa 1. Datos sobre os informantes.

Xeograficamente, eses testemuños orais pertencentes a 64 persoas espállanse, tal e como se pode ver no mapa da Ilustración 1, a través de 14 puntos da zona galega e 19 da portuguesa, 13 da raia fluvial e 20 da raia seca, que se reparten ao longo de 11 concellos raianos (6 galegos e 5 portugueses), que se distribúen, á súa vez e como xa mencionamos arriba, ao longo de máis de 130 quilómetros de fronteira.

Cómpre matizar, por unha banda, que contabilizamos como un único membro de cada lugar as persoas informantes colectivos dos lugares estremeiros de Várzea (Soajo, Arcos de Valdevez) e Olelas (A Illa, Entrimo), que aparecen xusto no inicio de Vilaverde *et al.* 2016 nunha conversa grupal, con algunhas voces en *off* con certa dificultade de asignación, que se dá nun reencontro entre persoas dos dous lados. E, por outra, que, no reparto de número de falantes por punto xeolocalizado, ao termos informacións con especificidades diferentes (dunhas persoas só sabemos o concello do que é —4 informantes de Arbo, 2 de Tui, 6 do Rosal, 5 de Melgaço, 1 de Valença do Minho e 1 de Vila Nova de Cerveira— e doutras coñecemos a freguesía e o mesmo o barrio ou lugar).

¹⁰ Entre o 1963 e 1966 foi garda fiscal en Melgaço (Cristóval, São Gregório).

¹¹ Traballou unha temporada en Melgaço e outra en Caminha.




Ilustración 1. Localización do treito fronteirizo estudado, dos puntos xeográficos e do número de informantes que figura en cada un.

Fonte: Elaboración propia (sobre Google My Maps, <https://www.google.es/maps/>).

3. Análise dos resultados

Dado o alto número de persoas que conforma o grupo de entrevistados, o curtas que son algunhas das participacións, a imposibilidade (e mesmo ineficacia) de agregar as transcricións que fixemos do contido dos filmes a este artigo e o complicado e extenso que podería ser unha análise individualizada, o que trataremos de facer será analizar tendencias diatópicas para ver se existen áreas ou zonas con características compactas que permitan describir e individualizar cada unha delas e poder coñecermos tamén que é o que teñen de especial.

Antes de entrarmos na análise polo miúdo e logo de ter reunido, seleccionado e clasificado todo o vocabulario dos catro vídeos, atopamos *a priori* dous aspectos xerais que cremos necesarios comentar. Primeiramente, e como xa mencionamos nos aspectos metodolóxicos, existe unha diferenza entre os catro traballos analizados que condiciona, dun xeito fundamental, o léxico das intervencións: a temática.

De acordo con esta particularidade, podemos falar dos tres grandes campos semánticos que sinalamos arriba: o contrabando (tema central dos dous primeiros documentais e mesmo da primeira parte do cuarto), a santa compañía e a morte (no que se centra o terceiro) e a lingua (no cuarto). Ademais dos temas principais, atopamos outros secundarios que completan as temáticas: o léxico temporal que lles permite aos falantes situar as accións no pasado e mesmo comparalas co presente, as accións do contrabando, as denominacións das persoas implicadas, os produtos que se traficaban, os utensilios que se usaban, a familia e os nomes de parentesco, os elementos supersticiosos.

O outro matiz que tamén afecta os textos, e que ten que ver co tráfico de mercadorías, é a presenza de termos que podemos considerar como formantes dunha xerga propia dos contrabandistas. Xa que logo, estas voces difiren socialmente das que pertencen á lingua xeral.

Agora ben, de acordo cos trazos distintivos ou comúns atopados, podemos facer *grosso modo*, dúas grandes divisións das falas raianas: unha de norte a sur, situando a fronteira política polo medio e, outra de leste a oeste, separando as falas da raia fluvial e as da raia seca polo tipo de raia e pola posición xeográfica.

3.1 Marxe galega versus marxe minhota

3.1.1. O que varía

O trazo que presenta un maior calado para distinguir as falas raianas galegas das portuguesas é o **uso frecuente de castelanismos**. É verdade que nas entrevistas do lado portugués tamén topamos algún: 3 ocasións nas que os entrevistados intentan reproducir a fala dunha persoa galega ou mesmo como habilidade ou medio para que o entrevistador entenda, o **donde* (que aparece en 4 entrevistados de forma puntual)¹² e os temas de perfecto dos verbos *ter* (**tuvemos, *tuve, *tuvo*) e *estar* (**estuve, *estuvéramos*) que aparecen en 3 das 9 persoas entrevistadas nos lugares de Castro Laboreiro; porén, nas entrevistas galegas, aparecen a cada pouco. Os máis frecuentes son: **persona, *entonces, *bueno, *ahora, *hasta, *pueblo, *guardia civil, *o sea*.

¹² O LCRTMAD tamén o recolle (s.v. *donde*) e di que o escoitou no cancionero rexional de Macedo de Cavaleiros (Bragança) e en dúas obras escritas. Así como tamén estoutros que atopamos na parte galega: *almendra, linterna, carreteira, entonces, bueno e cartilha*.

A presenza de palabras do castelán no galego é froito da secular situación de contacto lingüístico que existe en Galiza, da situación diglósica na que «conviven» os dous idiomas. Estas palabras penetran no idioma galaico, ante todo, a partir de catro vías sociais básicas: a escola¹³ (**escuela*, **lunes*, **miércoles*¹⁴, **comilla*, **equis*, **estudiaba*, **bachillerato*), a Administración —nomeadamente a estatal— (**cartilla*, **carabineros*, **guardia*, **subasta*, **acuerdo*, **Marina*, **ayuntamiento*), os medios de comunicación de masas¹⁵ (**refugios*, **cojonudos*, **carreteras*, **controles*) e a Igrexa. Neste último, no grupo de exemplos que o compoñen, encontramos desde unidades monoverbais do tipo **Dios*, así como tamén expresións plurivocabulares do tipo **Dios mío* ou **Dios llo perdone*. Esta influencia lingüística castelanizante das prácticas relixiosas queda totalmente confirmada cando sae unha procesión en Vilaverde *et al.* (2016: 22'34") e din «**Alabado sea el santísimo sacramento del altar*».

Outras catro expresións tomadas directamente do idioma de Castela é **lo vi yo*, **ni cielo ni tierra*, **me cago na madre que los pareu* e **Oi que carajo. Me cago en la porra* que se usan cunha intención fática (as dúas primeiras) e eufemística (as outras dúas).

A castelanización tamén está presente mesmo na toponimia: **Puente Barjas* (Pm), *San *Juan de Tabagón* (ORh2), **Orense* (ORh3). E é que «Como é ben sabido, a partir do séc. XVI a lingua galega desapareceu dos textos escritos e, como consecuencia directa para a onomástica, procedeuse a unha case sistemática tradución (ou adaptación) para o castelán» (Boullón 2011: 23).

¹³ Como din Em6 e Eh8: «Aprendían o castellano na escola. Agora xa hai o galego tamén. Por eiquí ja aprenden o galego.» (Vilaverde *et al.* 2016: 14'30"); «Aprendíámolo castellano e a cantar o himno español. Era a primeira cousa que e... esa era a primeira cousa.» (Vilaverde *et al.* 2016: 14'36").

¹⁴ É verdadeiramente interesante o que di Eh1 sobre o cambio na denominación dos días da semana: «Aquí é lunes, martes, cuarta, quinta, sexta, sábado e domingo e ahora en galego verdadeiro é diferente porque ahora en galego é: luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado e domingo, non é? En galego. É máis verdadeiro este último que pronunciei. Ese é máis verdadeiro galego.» (Vilaverde *et al.* 2016: 17'24"). E: «Bueno, o de antes era máis portugués. Porque os portugueses din: segunda feira, terza feira, cuarta feira, quinta feira, sexta feira, sábado e domingo e a namorar.» (Vilaverde *et al.* 2016: 17'54"). Ou Eh5: «Na escola, mércores. Se digo cuarta feira igual se botan a min, entón...» (Vilaverde *et al.* 2016: 17'14").

¹⁵ En Vilaverde *et al.* (2011: 23'55"), Mm10, orixinaria do lugar de Vido (Castro Laboreiro), dá mesmo a clave do cambio social que provocou a chegada da televisión: «Pois, antigamente, nun había televisión, antigamente nun había un radio, nun había nada. As pesoas, pra pasar o tempo, ou fan a unha janela ou fan ao camiño ou fan prá casa dun vesiño pasar o tempo, pasar a noite, porque as noites eran grandes no inverno i era cando se sentía muito esas cousas. Agora tu sántaste na cusiña, tes a televisión. A televisión a falar, tu non sentes nada nin ouves o que está fóra. Non é verdade?».

Outro aspecto que tamén marca unha diferenza importante, a respecto da presenza / ausencia do castelán, é que, no léxico analizado que denomina obxectos concretos, a antigüidade da palabra (e do obxecto que designa en cuestión) pode xustificar tamén o uso da denominación estranxeira: **carretera*, **tienda*, **alambre*, **azúcar*¹⁶, **almendra*, **linterna*, **candado*, **coche de línea*, **rodamiento*, **acera*, **puente* (referido a unha ponte moderna de formigón)¹⁷.

Caso á parte poderían ser os castelanismos que coinciden co portugués normativo mais que difiren do galego estándar. Temos que pensar que estamos en zonas que estreman, conviven e mesturan as súas falas e, aínda que non todos, poden formar parte dese léxico compartido. Consecuentemente, **calquer*¹⁸, **agua*¹⁹, **castellano*, **cuando* ou **guarda civil* son, se cadra, variantes dialectais léxicas do propio galego (e portugués) raiano(s)²⁰.

Resulta curioso, e interesante tamén, como, na conversa que aparece entre persoas dos dous lados da raia que aparece no inicio de Vilaverde *et al.* (2016: 1'27" e 4'), non aparece ningunha palabra do castelán nin nas persoas portuguesas nin nas galegas. Pode ser que os galegos, cando falan cos portugueses, evitan as palabras castelás e mellora, en consecuencia, a súa calidade lingüística.

Os **verbos ollar, mirar e ver** tamén nos axudan a sinalar unha liña imaxinaria que separa os territorios da raia. Para alén de confirmar, na parte galega, a isoglosa que distingue unha zona «no centro e sur pontevedrés [...] onde o xeral é a presenza dun arquilexema *mirar* («mirade se empezou o recital do Reixa»; «non te mirei en Santiago o Día da Patria Galega»)» (Fernández Rei 1991: 104), descubrimos que nas falas

¹⁶ E, curiosamente, rexistramos a forma galega *testón de asucre* do outro lado da raia, en VMm3 (Gonçalves 2009: 36'02").

¹⁷ Véxase Álvarez 2015 e Negro Romero / Sousa 2019, sobre a permanencia (e distribución) do léxico supervivente da antiga Gallaecia, a chegada (incursión e dispersión) de novos termos dende a parte meridional de Portugal e o desprazamento das formas lexicais occidentais no noroeste da Península Ibérica por palabras comúns con orixe na área oriental.

¹⁸ Nos testemuños do lado portugués atopamos *qualquer* mais tamén *calquer* na intervención de Mm3 (Vilaverde *et al.* 2011: 13'06").

¹⁹ Así e todo, tamén resulta sorprendente, en primeiro termo, que unha das entrevistadas de Cainheiras (Castro Laboreiro) diga, de forma sistemática, *auga*. Esta forma, a única válida que considera a norma estándar da lingua galega e que continúa a ser a máis recomendábel (DRAG, s.v. *auga*), rexístrase esporadicamente en todo o Minho e Tras-os-Montes (cfr. LCRTMAD, s.v. *auga*); hoxe só en boca de xente maior, moi rural e cun grao de alfabetización baixo. Para a distribución do uso de *auga* en Galiza, pódense consultar os mapas 132 e 401 do ALGab (1999: 164 e 401).

²⁰ Véxase a subepígrafe 3.1.2 a respecto das formas *cando~cuando* e *canto~cuanto*.

portuguesas non se usa, practicamente, o verbo *mirar*; só o topamos, en modo imperativo, na Mm5 que di por dúas veces: «Mira *María*, mira *Manuel*» (Vilaverde *et al.* 2011: 8'38")²¹.

Curiosamente, incluso cremos que acertamos xusto enriba da isoglosa que sinala Fernández Rei xa que Ah2 (de Arbo) distingue ben *ver* de *mirar*, no entanto, Ah3, que vive no mesmo concello, usa *mirar* en todos os contextos («Mirén *eu unha en Portugal nun restaurante que a tiñan alí*») (Coyote 2006: 22'05") e, xa para as zonas de Tui e do Rosal puidemos comprobar que utilizan, como arquilexema o verbo *mirar*, cunha única excepción de ORh2, que usa o verbo *ver* en tres ocasións e de forma correcta; no entanto, outras veces tamén usa *mirar* como arquilexema: «*Como hoxe ves as vacas, antes mirabas as vacas mais a xente*» (Coyote 2006: 35'11").

Outro tanto sucede con *ollar* na parte galega da raia fluvial. A non ser nas falas de Lobios e Entrimo, onde convive como sinónimo de *mirar*, e en Tui, onde Tm1 só o usa cando reproduce a fala dunha matrona portuguesa que a revistou nos seus tempos de contrabandista (Gonçalves 2009: 33'01"), non escoitamos este verbo en ningunha boca das persoas entrevistadas que pertencen á provincia de Pontevedra²². Ademais, en Lobios e Entrimo, semella que existe unha determinada connotación pexorativa e prexuzosa que pode provocar un retroceso de utilización para a propia forma *ollar*, segundo di Eh4: «*Porque nós o mira é coma o que quere ser un pouquiño máis fino, non? Pois ao millor se queremos ser un pouquiño máis finos pois... mira. E se dezemos olla a onde vai, este é de pueblo olla e entón... e a xente, dezemos xente e así...*» (Vilaverde *et al.* 2016: 16'31")²³.

Temos que deternos agora, necesariamente, en ***mais, mas e pero***. Estas tres formas da conxunción adversativa teñen unha sorte semellante aos verbos que acabamos de comentar. Na Táboa 2 que segue, aparece o número de ocorrencias que atopamos de cada unha das formas nos diferentes concellos estudados. O resultado é moi claro e, aínda que as tres formas se usan nas dúas marxes da división territorial, o *pero* é maioritariamente galego e o *mas* e, curiosamente, a variante *mais*, portugueses. Nas falas da parte sur da raia, o *pero* só o encontramos tres veces en

²¹ O TLPGP dá conta da forma *mirar* en só tres concellos de Portugal: Bragança, Vila Real e Torre de Moncorvo. E, no LCRTMAD, en Macedo de Cavaleiros e Parâmio (dous lugares do distrito de Bragança).

²² O TLPGP rexistra *ollar* soamente nun concello de Ourense, noutro da Coruña e 5 de Lugo: Vilardevós, Curtis, Pantón, Monterroso, Vilalba e O Valadouro.

²³ Este e outros comentarios sociolingüísticos sobre palabras comúns e ben valoradas na lingua de Camoões ou sobre a propia lingua portuguesa, que contén Vilaverde *et al.* (2016), veñen corroborar e completar os comentarios e as conclusións de Santos Raña / Suárez Quintas (2014: 102-106 e 110) sobre a identidade lingüística nos falantes galego da raia seca.

dúas persoas de Valença do Minho: VMm3 («*Pero depois aquilo acabou por terminar pra todos*» (Gonçalves 2009: 41'40'') e VMm2 («*Pero acabou todo*» (Gonçalves 2009: 30'38''); e en VCh1 de Vila Nova de Cerveira («*Agora está cheio de mato pero antigamente estaba todo limpinho*» (Gonçalves 2009: 34'47'').

Na táboa, tamén se aprecia, adiantando xa a subepígrafe 3.2 sobre as diferenzas entre a raia fluvial e a seca, que é na parte máis baixa da raia húmida onde o *pero* pasa para o lado portugués e na parte da raia ourensá onde usan as formas *mas~mais* no galego²⁴.

Portugal							
	Castro Laboreiro	Melgaço (sen ser Castro Laboreiro)	Valença do Minho	Vila Novade Cerveira	Caminha	Total	
Pero	0	0	2	1	0	3	
Mais	22	19	1	1	1	45	
Mas	0	22	2	5	1	30	
Galiza							
	Lobios	Entrimo	Padrenda	Arbo	Tui	O Rosal	Total
Pero	5	11	3	7	0	7	33
Mais	4	1	0	0	0	0	5
Mas	2	1	0	0	0	0	3

Táboa 2. Número de ocorrencias de *pero*, *mais* e *mas* segundo os lugares.

Quen non cruza a fronteira para o sur é a forma **ganar**. Nas falas galegas, aparecen *gañar* no Rosal e en Lobios, e *ganar* no Rosal e en Arbo; e, nas portuguesas, só *gañar* (localizamos exemplos en Valença do Minho, Melgaço, Caminha e Vila Nova de Cerveira).

Para concluír esta subepígrafe, imos sinalar agora unha selección de palabras, que tamén recompilamos nas entrevistas, que tampouco semellan pasar a raia dun lado para o outro.

²⁴ O TLPGP rexistra só dúas veces a denominación *mais*, co valor de conxunción adversativa, en territorio galegofalante: en Cangas (Pontevedra) e no concello asturiano de Tapia de Casarego. Pola súa banda, o LCRTMAD recolle a locución *e mais* (s.v. *mais*) co significado de 'e no entanto' no cancionero rexional de Macedo de Cavaleiros (Bragança).

No lado galaico, temos: *tren* ('convoi'), *eiquí* (var. do adv. *aquí* que aparece en Padrenda, Lobios e Entrimo)²⁵, *il* (var. do pron. persoal *el* que aparece en Padrenda, Lobios e Entrimo), *ise* (var. de *ese* localizada en Entrimo)²⁶, *aduanas*, *coche*, *peseta*, *zugata~zucata* ('recortes de chapa de cobre')²⁷, *munico* ('cesto feito de vimbios, vergas, varas entretecidos ou plástico')²⁸, *hostiá*, *limbada* ('mulime de herba e xuncos'), *pisco* ('contrabando'), *isqueiro* ('contrabandista'), *chatarra* ('conxunto de obxectos vellos de ferro ou doutros metais'), *paquete* ('cousa ou grupo de cousas envoltas xuntas e que forman un conxunto de dimensións non moi grandes')²⁹, *chaleco* ('colete'), *chisme* ('calquera obxecto, sobre todo cando non se coñece ou non se lembra o nome; couso'), *prismáticos* ('aparello para ver ao lonxe, que utiliza unha combinación de prismas e lentes')³⁰.

E no lado minhoto: *comboio*, *arrumar* (var. de *arrimar*), *pronto*, *bocadinho*, *alfândega*, *ganha-pão*, *galhos* ('cornos dos touros'), *balanço*, *passador* ('persoa que pasaba persoas de Portugal para Galiza'), *idoso*, *pessoa*, *batelada* ('son da campá'), *você*, *morremento*, *escribaninha*, *pagela*, *papo-seco* ('pan pequeno de fariña de trigo'), *escudo* ('antiga moeda de Portugal'), *canalha*, *trapiche~trapicho* ('contrabando'), *fol* ('saco'), *lameira* ('horta na que se cultivan legumes'), *acompanhamento* ('estantiga'), *mandrana* ('mandil usado no contrabando')³¹, *perceber*, *até*, *pá*, *saco de oleado*.

3.1.2. O que se mestura e une

Para alén de todo o mencionado, hai moita máis coincidencia ca diferenza entre as variedades lingüísticas das dúas beiras. Por conseguinte, nesta parte, ímonos centrar só naqueles aspectos que consideramos máis salientábeis. A primeira palabra que queremos comentar une xa os dous lados da raia; estamos a falar da forma **gado**. E é no Rosal onde descubrimos esa denominación que os xunta con diferentes partes do concello de Melgaço: no lugar de Portos (Castro Laboreiro), na freguesía de Fiães e en Melgaço parroquia (cfr. LCRTMAD, s.v. *gado*). O atoparmos esta forma tamén apoia a

²⁵ Véxase Rodríguez Rodríguez (2016: 110) sobre os adverbios de lugar.

²⁶ Para *il* e *ise* véxase Fernández Rei (1991: 69-73) e Rodríguez Rodríguez (2016: 105 e 106).

²⁷ Pousa Ortega (2014: 250) rexistrou a variante *zocata* en Camposancos e *sucata* en Caminha.

²⁸ O TLPGP atópao en Cangas.

²⁹ No TLPGP, *paquete* aparece, curiosamente, na esquina nordeste do país luso (e un caso na parte leste central), mais co significado de 'rapaz que axudan de pastor' ou 'rapaz dos recados'. Esta cuestión tamén a confirma o LCRTMAD (s.v. *paquete*).

³⁰ O LCRTMAD compila tamén as denominacións *coche*, *peseta*, *hóstia*, *pisco*, *chisme* na parte lusa, mais con outros significados.

³¹ Pousa Ortega (2014: 244) recolle as variantes *baldranas~mandrana* como substantivo plural.

descrición que fai Fernández Rei (1991: 58-59): «Así, gando ocupa case toda a provincia da Coruña (queda fóra o extremo norte e puntos da parte máis oriental) e a de Pontevedra (exceptúase o extremo suroccidental)». Este mesmo investigador afirma:

As formas *cuatro*, *cual*, *guadaña*, *guarda*, con mantemento do wau (mapa 18) procedente do lat. cl. QUA- e do lat. vg. GUA- (resultado vulgar da adaptación dos xermanismos con W-), forman unha grande área que comprende todo o galego oriental, a maior parte de Ourense e falares do Baixo Miño pontevedrés. No resto do territorio galego son xerais as formas evolucionadas *catro*, *cal*, *gadaña*, *garda*. (Fernández Rei 1991: 52)

No entanto, atopamos un **cando** en Lm4 (Torreiros, Río Caldo, Lobios) e o máis curioso (e salientábel) é a gran cantidade de formas evolucionadas que rexistramos nos lugares de Castro Laboreiro, 13 *cando* (en Vido, Várzea Travessa, Teso e Cainheiras) fronte a tan só 3 *quando* (en Portos, Cainheiras). Ademais, dentro do mesmo concello, en Melgaço, achamos 2 *cantas*, 2 *quando* e 1 *cuanto* na parroquia de Couso e 3 *cando* e 1 *quando* en Fiães. E aínda, en Valença do Minho, 2 *cantos* e 1 *cando* en Verdoejo e 2 *cantos* en Urgeira³².

O mesmo acontece con **muíto~moito e mui~moi**. Fernández Rei (1991: 50) dá como solución para o grupo latino -ŪLT- o ditongo *oi* nunha gran zona que tamén abrangue os concellos de Lobios e de Entrimo, como confirma Rodríguez Rodríguez (2016: 93). Ora que nos testemuños das persoas entrevistadas nestas zonas en Vilaverde *et al.* (2016) só rexistramos 1 forma con *oi* en Lm2 e 21 con *ui* en Eh1, Eh2, Eh6, Eh7, Lh2, Lm1, Lm3 e Lm4. A forma apocopada *mui*, que é usada en galego perante adxectivos e adverbios, é practicamente inexistente na parte de Portugal estudada. Así e todo, atopamos este alomorfo do adverbio en dous de tres posíbeis casos nas falas de Castro Laboreiro, concretamente, en Várzea Travessa e Cainheiras: *mui rudo* e *mui tarde*. Neste lugar, só Mm2 (dos lugares de Bico e Seara) di *muíto forte*³³.

Para as formas de 1ª persoa do plural do copretérito (ou pretérito imperfecto de indicativo), topamos unha dobre posibilidade de acentuación, grave ou esdrúxula: **íamos / íamos**. Na Táboa 3, as frecuencias de uso indican que hai dúas zonas (unha con acentuación proparoxítona, que abrangue os falantes do Rosal e Tui, e outra paroxítona, nos lugares de Castro Laboreiro) que tamén comparten este trazo dialectal.

³² O TLPGP rexistra tamén formas evolucionadas na Ilha Terceira (Açores), Sátão, Resende, Alcobaça, Baião e Alijó; e o LCRTMAD, en Barroso (Montalegre), Parâmio (Bragança) e Cimo de Vila (Chaves). En troca, Rodríguez Rodríguez (2016: 95) só rexistra formas co mantemento do wau no concello de Entrimo.

³³ O que non atopamos na parte sur da raia foron formas co ditongo *oi* tal e como o fai o LCRTMAD (s.v. *moito*) e que a sitúa na freguesía de Sanfins do Douro (Alijó).

Portugal							
Acentuación	Castro Laboreiro	Melgaço (sen Castro Laboreiro)	Valença do Minho	Vila Nova de Cerveira	Caminha	Total	
Esdrúxula	2	26	10	1	9	48	
Grave	4	1	0	0	0	5	
Galiza							
	Lobios	Entrimo	Padrenda	Arbo	Tui	O Rosal	Total
Esdrúxula	1	3	1	0	4	13	22
Grave	1	6	10	5	1	3	26

Táboa 3. Acentuación das formas P4 do copretérito segundo os lugares.

Se comparamos con Fernández Rei, atopamos unha nova diferenza. El comenta:

As formas do IPI (*cantabamos*, *-ades*), do IFP (*cantariamos*, *-ades*) e mais do IPP (*cantaramos*, *-ades*) con acentuación paroxítona, son características de todo o centro e sur do territorio lingüístico galego (mapa 32). No occidente e nordeste coruñés, centro e norte de Lugo, unha franxa do suroeste de Pontevedra, occidente de Asturias e algunhas falas de León e Zamora produciuse un desprazamento acentual da vocal do SMT á VT. (Fernández Rei 1991: 85)

Ora ben, a franxa que indica para o suroeste de Pontevedra afecta ao concello da Guarda mais non ao do Rosal nin ao de Tui nos que atopamos un total 17 realizacións con acentuación proparoxítona mais tamén 4 paroxítonas.

Por último, entre estas similitudes, existe unha serie de características puntuais, que nin sempre son sistemáticas, que tamén transgreden a fronteira política galego-portuguesa. Do lado galego, achamos:

- No Rosal: *lá* (adv. de lugar), *meio*, *gaxo*, *colega*, *niún*, *millor*, *te* (pronome átono de 2ª persoa de complemento indirecto).
- En Arbo: *agua*, *pior*, *millor*, *guardiñas*, *quando*, *mañán*, *soltai* (imp. de *soltar*), *cordear*.
- En Lobios: *chá* (a infusión), *cravo* (a flor), *pecaram* (3ª persoa do plural do pretérito perfecto de indicativo), *mandaram*, *foram*, *encarregar*, *descarregar*, *cuatro*, *cuitadinho*, *ouvín*.

- En Entrimo: *acreditar, dezemos, dizer, tu, olha, cuarta* ('terceiro día da semana'), *quinta, sexta, vírgola*³⁴.

E do lado portugués:

- En Caminha: *fumos* (vb. *ser*), *mais* (conx. adversativa).
- En Vila Nova de Cerveira: *non, millor, cartos, entón, mais, camión, niún* (cfr. LCRTMAD, s.vv. *milhor* e *neum*).
- En Valença do Minho: *mais, convençón, despois, canto* (cfr. LCRTMAD, s.v. *osdepois*).
- En Melgaço (sen Castro Laboreiro): *non, tamén, allea, irmáns, unha, atón~etón~entón, remuíño, propietario, despois, presa* ('barragem'), *viaxe, camión, estade* (imp.), *persoas, nin, cantas, homes, geraçón, naquel, queríamos, dous, mais, idea, neñunha, cando, marchar embora* (cfr. LCRTMAD, s.vv. *tamém, antão, presa, nim, home*).
- En Castro Laboreiro: *che* (pronome átono de 2ª persoa de complemento indirecto), *mailos, tamén, coma* (conxunción comparativa), *ouviar* ('emitir o seu son o lobo'), *entón~antón, unha, andades, despois, dixer, díxome, así, muíño, propiedade, caístes* (2ª p. sg. do pret. perf. de ind.), *irmán, homiño, ningún, viñestes, hai, dous, televisón, oraçón, bendición, cans, alá, cousa*³⁵, *daquel* (cfr. LCRTMAD, s.vv. *maila, assi, próprio*).

3.2. Raia seca versus raia fluvial

Que as falas do interior pertencen a zonas rurais ou a núcleos urbanos de pequena densidade poboacional e industrial e teñan unha influencia externa menor da que sufriron as entidades de poboación que están máis próximas ao mar e a núcleos urbanos maiores, que a raia que coincide coa provincia de Ourense non teña un río que non teña dificultado a comunicación e que fose máis difícil de controlar para os seus vixilantes (guardiñas e carabineiros) semella que supuxo diferenzas entre os falares que son costeiros e os que non o son.

³⁴ Cfr. con Rodríguez Rodríguez (2016: 106) sobre o pronome *tu* no concello de Entrimo.

³⁵ Véxase Dias (2013: 112) sobre a distribución xeográfica de *cousa~coisa~cosa* no portugués continental e LCRTMAD para *cousar* (s.v. *coisar*).

Así, non é de estrañar que haxa menos castelanismos nos falantes dos concellos de Lobios e Entrimo en comparación co resto das áreas galegas, nin que Castro Laboreiro (e o resto dos lugares de Melgaço analizados), Lobios e Entrimo sexan as falas fronteirizas que maior confluencia e semellanza amosan entre elas.

Pola súa banda, a parte fluvial tamén amosa unha riqueza léxica maior no que respecta ao argot contrabandista que reflicte diferenzas que se espallan polos diferentes lugares da ribeira do Miño. Deste modo, a través dos documentais, descubrimos que existían diferentes tipos de embarcación condicionados polas características do río, a *batela* na zona de Arbo-Melgaço e o *barco* na do Rosal-Caminha³⁶; que o tren tiña un compartimento chamado *folgón* (Arbo) onde o *factor*³⁷ levaba a *mercadería*; que o contrabando era tamén chamado, no Rosal, *pisco* e a quen nel traballaba *pisqueiro*; que o tal *pisco* era chamado *trapiche* ou *trapicho* polos gardas de Valença do Minho³⁸; que os *carneiros* (en Melgaço) eran os *pasadores*³⁹ que *pasaban* as persoas *a salto* para Galiza na emigración ilegal; que usaban *chalecos* no Rosal para levar *chapas de cobre* (tamén chamadas *zugata~zucata*, en Arbo e O Rosal, respectivamente)⁴⁰ e *mandranas* (cfr. co adxectivo *mandrano* 'preguiçoso' en LCRTMAD) en Valença do Minho para levar *café* e *ovos* para Tui; e que, do lado galego, non había *barqueiros* ou *navegantes*, tal e como din os entrevistados de Arbo, senón que eran todos portugueses⁴¹.

Por último, gustaríanos resaltar nesta subepígrafe catro características dialectais pola súa singularidade:

- O morfema de número e persoa da 3ª persoa do plural *-nos* no copretérito (pret. imp.) que atopamos no Rosal e en Melgaço: *empezábanos á noite*; *Logo xa levábanos nós a Vigo*; *mirábanos como está a maré*, *entrábanos porque*

³⁶ Pousa Ortega (2002: 248) compilou a denominación *batela* en Tui. E, no LCRTMAD, Cabral recolle *batel* co significado de 'pia de madeira' que escoitou en Brunhoso (Magadouro).

³⁷ Empregado que nas estacións de ferrocarrís está encargado de recibir, enviar e entregar equipaxes e mercadorías.

³⁸ Pousa Ortega (2014: 250) sitúa *pisco* en Goián e *trapiche* en Valença do Minho.

³⁹ O LCRTMAD rexistra a voz *passador* con este mesmo significado 'engajador; persoa que ajuda os emigrantes a pasar clandestinamente a fronteira'.

⁴⁰ Pousa Ortega (2014: 250) compila a variante *zocata* en Camposancos e *sucata* en Caminha; ademais de rexistrar *socata* na páxina 239 sen asignación sintópica.

⁴¹ De todo o vocabulario que aparece no parágrafo, o TLPGP só contempla *navegante*, cunha aparición en Portugal (en Vila do Conde) e outra en Galiza (en Foz) —puntos que están a 330 km de distancia— e *barqueiro*, en dous de Galiza (Foz e Vilalba) e un en Portugal (Ilha de Madeira).

*sabíanos; Pois nós luitábanos coa vida; Cuando non pasábanos aquí; e entón agachábanos até vir o día no monte*⁴².

- Formas do verbo *facen* na parte galega: *facen* (Arbo, Tui, Lobios), *faer~faere* (O Rosal), *faguer* (Entrimo) (cfr. Fernández Rei 1991: 95 e Rodríguez Rodríguez: 2016: 107 e 109).
- As formas *dizer* e *dezemos*, en Entrimo⁴³, e *ouvín*, en Lobios (cfr. Fernández Rei 1991: 93 e 97 e Rodríguez Rodríguez: 2016: 109).
- As formas verbais *pon*, *ten*, en Castro Laboreiro, para a 3ª persoa do plural no presente de indicativo dos verbos *pór* e *ter*: *esas casas onde pon os vellos; I- agora ten encontrado muitos mortos na casa [...] e ten muitos aparecidos mortos na casa*⁴⁴.

4. Para concluír

Para alén de ser unha fascinante viaxe a través de 130 quilómetros de fronteira luso-galaica escoitando persoas e palabras que fan saltar a mente dos lingüistas dun lado para o outro da raia (na parte fluvial) ou mesmo sentir como se dilúe tal diferenza nas falas da raia seca, este estudo revelounos que os/as investigadores/as teñen, ao seu alcance, unha nova ferramenta altamente fiábel sobre a cal elaborar futuros traballos sobre xeografía lingüística: o documental de entrevistas.

Así, nós, seleccionando e servíndonos do contido de catro películas deste xénero cinematográfico, puidemos descubrir e comprobar unha serie de diverxencias e converxencias que existen entre as variedades lingüísticas da área xeográfica á que pertencen as persoas que nelas saen a falar. A presenza / ausencia de castelanismos, a diferenza de uso e mesmo de significado entre *mirar* / *ollar* / *ver*, a distinta distribución que presentan *mais~mas* / *pero*, *ganar~gañar*, *gado~gando*, as formas con ou sen wau (*cando~cando*), os ditongos *oi~ui* (*moito~muito*), as formas paroxítonas ou proparoxítonas do copretérito (*íamos~íamos*), entre outros fenómenos, permitíronnos marcar dúas liñas divisorias que dan conta de catro zonas lingüísticas diferentes: área galega da raia seca, área minhota da raia seca, área galega

⁴² Nesa zona, o mapa 4 do ALGaa (1990: 52) recolle esta desinencia verbal en Baiona e Tomiño.

⁴³ En troques, o ALGaa (1990: 462) recolle, para Entrimo, a forma *dezer*.

⁴⁴ Para a distribución das formas *pon/poñen* en Galiza, pódese consultar o ALGaa (1990: 618). Rexistra a primeira variante, entre outros lugares, nos concellos raianos de Lobios, Entrimo, Padrenda, Tomiño e A Guarda.

da raia fluvial e área minhota da raia fluvial. Tamén obtivemos informacións que poden matizar ou completar outros estudos de maior calado.

Por outra banda, esta metodoloxía non está exenta de determinados contratempos, e así como cremos que pode resultar ser unha óptima ferramenta para a análise fonética ou fonolóxica e morfolóxica, para facer un estudo máis completo e profundo sobre a variación do léxico non nos resultou, de todo, cómoda por trataren os vídeos temas moi diversos (tal e como adoito tamén acontece cos textos de voz gravados).

En segundo lugar, se ben é certo que temos mostras de bastantes puntos xeográficos do treito seleccionado, tamén é certo que non se dispersan dun xeito regular ao longo do espazo raiano, senón que van formando grupos de puntos entre os que hai, nalgúns casos, unha distancia considerábel (é o caso de Padrenda e Caldelas de Tui entre os que distan 42 km ou de Couso e Vila Nova de Cerveira, 28,5 km).

E, en terceira instancia, ao traballarmos con testemuños que se circunscriben a unha área territorial relativamente pequena, tampouco nos permitiu nin deseñar áreas lexicais ou lingüísticas de maior envergadura como podemos atopar noutros traballos (Cintra 1962, Dubert García / Sousa Fernández 2002, Álvarez Pérez 2010 e 2014, Álvarez Pérez / Saramago 2012, Mouzo Villar / Pérez Capelo 2014, Álvarez 2015, Negro Romero / Sousa 2019, entre outros exemplos) nin entrar en moito maior debate con elas do que aquí describimos. Tampouco a falta de coincidencia entre as formas lexicais entre as nosas mostras e as destes estudos axudaron.

Neste breve estudo, tratamos de desvelar os trazos peculiares do vocabulario dunha parte das falas de fronteira de Galiza e Portugal; non obstante, fica aberta a posibilidade de facer un estudo fonético e pragmático que pode resultar aínda máis ou, cando menos, igual de interesante. Se mal non recordamos, escoitamos pronuncias con gheada en Mm3 (Vilaverde *et al.* 2011: 12'16" e 12'19"), malia ser negada, por exemplo, por Fernández Rei (1991: 28), Pousa Ortega (2002: 273)⁴⁵ ou Mouzo Villar / Pérez Capelo (2014: 147 e 150-151).

Referencias bibliográficas

Alén filmes / TVG (prods.) / Víctor Coyote (dir.) (2006): *Traballadores do contrabando* [Documental]. Vigo: Alén Filmes e TVG.

⁴⁵ «A pesar de que foi rexistrada por Alves Pereira en Paredes de Coura e por Carballo Calero no Alto Minho, sen precisar onde (Fernández Rei 1990: 177, n. 53)», afirma a propia Pousa Ortega (2002: 273).

- ALGaa = Fernández Rei, Francisco (coord.) (1990): *Atlas lingüístico galego. Volume I: Morfoloxía verbal*, vols. I.1 e I.2. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGab = González González, Manuel (coord.) (1999): *Atlas lingüístico galego. Volume III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Álvarez, Rosario (2015): «Constituição e consolidación da fronteira galego-portuguesa. A difusión do léxico», en M. Ferreira (org.), *Descrição e ensino de línguas*. Campinas, SP: Pontes editores, 85-110. Dispoñíbel en: <https://ilg.usc.gal/sites/default/files/publicacions_investigadores/rosario_alvarez_fronreira_galego_portugues.pdf>. [Consulta do 13/03/2021]
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2010): «“E os da banda d’alá son máis estranxeiros ca os de Madrí?” Estudo contrastivo de designacións galegas e portuguesas no campo semántico da gandaría», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 37, 57-88. Dispoñíbel en: <<https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/6008/59-90.pdf?sequence=1&isAllowed=y>>. [Consulta do 13/03/2021]
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2013a): «A fronteira entre galego e portugués. A perspectiva portuguesa», en E. Gugenberger / H. Monteagudo / G. Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega, 97-136. Dispoñíbel en: <https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/9472/XoseAfonsoAlvarezPerez_2013_hibrididade.pdf?sequence=3&isAllowed=y>. [Consulta do 14/03/2021]
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2013b): «Cartografía lingüística de Galicia e Portugal: presentación dun proxecto e estudo de dous casos», en E. Casanova / C. Calvo Rigual (coords.), *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románica* 6. Berlin / Boston: De Gruyter Mouton, 29-39. Dispoñíbel en: <<https://www.geolinguistica.org/artigos/CILPR26.pdf>>. [Consulta do 14/03/2021]
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2014): «(Des-)continuidade de léxico dialectal na fronteira galego-portuguesa», en X. Sousa / M. Negro Romero / R. Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 171-200. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2642>>. [Consulta do 13/03/2021]
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso / João Saramago (2012): «Áreas lexicais galegas e portuguesas: um novo olhar para a proposta de Cintra», *Estudis romànics* 34, 55-97. Dispoñíbel en: <<https://publicacions.iec.cat/repository/pdf/00000181%5C00000009.pdf>>. [Consulta do 14/03/2021]
- Baliñas Pérez, Carlos (2014): «*A flumine mineo usquein tagum*: os camiños diverxentes de Galicia e Portugal na Idade Media (700-1100)», en X. Sousa / M. Negro Romero / R. Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 27-54. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2642>>. [Consulta do 17/03/2021]

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2011): «O artigo na toponimia galega: aspectos de estandarización», *Revista Galega de Filoloxía* 12, 11-35. Dispoñíbel en: <http://illa.udc.es/rgf/pdf/RGF_12_enteiro.pdf>. [Consulta do 14/03/2021]
- Cintra, Luís F. Lindley (1962): «Áreas lexicais no territorio português», *Boletim de Filologia* XX, 273-307. Dispoñíbel en: <http://cvc.instituto-camoes.pt/hlp/biblioteca/areas_lexicais.pdf>. [Consulta do 13/03/2021]
- Dias, Ana Paula Veloso Prata (2013): *A variação ou~oi em Portugal continental*. Lisboa: Universidade de Lisboa. Dispoñíbel en: <https://repositorio.ul.pt/bitstream/10451/10138/1/ulfl147999_tm.pdf>. [Consulta do 14/03/2021]
- Domínguez, Ana (2017): «Viagem à raia minhota. Entre o contrabando e Rosalía», en F. Groba Bouza / P. Dono López (coords.), *Galegos no Minho. 20 anos do Centro de Estudos Galegos na Universidade do Minho*. Vila Nova de Famalicão: Edições Húmus, 51-62. Dispoñíbel en: <<https://repositorium.sdum.uminho.pt/bitstream/1822/53207/1/Galegos%20no%20Minho.pdf>>. [Consulta do 24/06/2020]
- Dubert García, Francisco / Xulio Sousa Fernández (2002): «As áreas lexicais galegas e portuguesas. A proposta de Cintra aplicada ó galego», en R. Álvarez / F. Dubert García / X. Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega, 193-222. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>. [Consulta do 18/03/2021]
- DRAG = González González, Manuel (dir.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñíbel en: <<http://www.realacademiagalega.org/dicionario>> [Consulta do: 08/04/2021].
- Fernández Rei, Francisco (1991): *Dialectoloxía da lingua galega* (2ª ed.). Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, Francisco (2002): «Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral», en R. Álvarez / F. Dubert García / X. Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega, 147-192. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>. [Consulta do 18/03/2021]
- Fernández Rei, Francisco / Carme Hermida Gulías (eds.) (2003): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>>. [Consulta do 14/03/2021]
- García Mañá, Luís Manuel (2014): «A fronteira galego-portuguesa», en X. Sousa / M. Negro Romero / R. Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 55-74. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2642>>. [Consulta do 13/03/2021]
- Godinho, Paula (2014): «Fronteira, políticas de centro e prácticas da cultura: o “Tratado de límites” de 1964, o interese dos estados e a resistencia das poboacións», en X. Sousa / M. Negro Romero / R. Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-*

- portuguesa. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 75-89. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2642>>. [Consulta do 28/04/2021]
- Gonçalves, Diana (prod. e dir.) (2009): *Mulleres da raia* [Documental]. Tui: Diana Gonçalves.
- LCRTMAD = Cabral, A. M. Pires (2013): *Língua charra. Regionalismos de Trás-os-Montes e Alto Douro*, vol. I A-E, vol. II F-Z. Lisboa.
- Mouzo Villar, Rosa / Carolina Pérez Capelo (2014): «De Vilanova de Arousa a Vila Nova de Foz-Côa: a fronteira galego-portuguesa a estudo a partir dos materiais do ALPI», en X. Sousa / M. Negro Romero / R. Álvarez (eds.), *Língua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 143-170. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2642>>. [Consulta do 13/03/2021]
- Negro Romero / Marta / Xulio Sousa (2019): «Áreas léxicas e dominios lingüísticos no noroeste da península ibérica», *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 22, 223-239. Dispoñíbel en: <<https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/66861/4564456552362>>. [Consulta do 28/03/2021]
- Pérez Capelo, Carolina (2013): «Os nomes do vento en Galicia e Portugal. Un estudo dos datos do ALPI», *XXIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*. Coimbra: Facultade de Letras da Universidade de Coímbra, 23-25. Dispoñíbel en: <https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/9530/Os_nomes_do_vento_Carolina_P_Capelo.pdf?sequence=3&isAllowed=y>. [Consulta do 13/03/2021]
- Pousa Ortega, Helena (2002): «Léxico fronteirizo no Baixo Miño: a pesca con barco», en R. Álvarez / F. Dubert García / X. Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega, 245-278. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>. [Consulta do 14/03/2021]
- Pousa Ortega, Helena (2014): «Os verdadeiros amigos na raia miñota: os cognados», en X. Sousa / M. Negro Romero / R. Álvarez (eds.), *Língua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 225-258. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2642>>. [Consulta do 16/02/2021]
- Priberam = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*. Lisboa: Priberam Informática S.A. Dispoñíbel en: <<https://www.priberam.pt/dlpo/>> [Consulta do 12/04/2021]
- Rodríguez Rodríguez, Reyes (2016): «Aproximación dialectal á fala de Entrimo», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* 1, 87-116. Dispoñíbel en: <http://webh03.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2016/12/8-REYES-RODR%C3%8DGUEZ-RODR%C3%8DGUEZ_Aproximaci%C3%B3n-dialectal-%C3%A1-fala-de-Entrimo.pdf>. [Consulta do 16/04/]
- Santos Raña, Irene / Soraya Suárez Quintas (2014): «Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa. Unha aproximación á perspectiva ourensá», en X.

- Sousa / M. Negro Romero / R. Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 91-113. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2642>>. [Consulta do 14/03/2021]
- Sousa, Xulio / Marta Negro Romero / Rosario Álvarez (eds.) (2014): *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñíbel en: <<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2642>>. [Consulta do 16/03/2021]
- TLPGP = Álvarez, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñíbel en: <<http://ilg.usc.es/Tesouro>>. [Consulta do 08/04/2021].
- Vilaverde, Vanessa / Eduardo Maragoto / João Aveledo (prods. e dirs.) (2011): *Em companhia da morte* [Documental]. Santiago de Compostela: Filmes de Bonaval.
- Vilaverde, Vanessa (2016): *A fronteira será escrita* [Documental]. Santiago de Compostela: Filmes de Bonaval.

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 6 poden lerse traballos sobre a narrativa de Méndez Ferrín, sobre os alcumes, sobre a interpretación da paisaxe galega, sobre o léxico raiano galego-portugués e sobre alternancias en locucións preposicionais.

Universidade de Vigo